

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FACENDAS LOCAIS.

Expediente 959/2017.

Modificación da ordenanza reguladora do IBI.

Bonificación do 95% da parte da cota íntegra do Imposto sobre bens inmobles (IBI)

Nota informativa

Detectado un erro no apartado “*prazo de solicitude*” do anuncio publicado da Sede Electrónica e da páxina web do Concello de Agolada sobre o trámite de solicitude dunha **bonificación do 95% da parte da cota íntegra do Imposto sobre bens inmobles (IBI)**, ponse de manifesto que o prazo de presentación de solicitudes para que teñan efectos no exercicio económico de 2018 rematou o 31/03/2018, tal e como se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 248 do 29/12/2017.

Trámite de solicitude dunha bonificación do 95% da parte da cota íntegra do Imposto sobre bens inmobles (IBI)

Descrición:

Recoñécese unha bonificación do 95% da parte da cota íntegra do Imposto sobre bens inmobles (IBI) relativa a construcións rústicas indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras, ou forestais, previa declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias tanto sociais como de fomento de emprego.

Quen poden solicitalo?:

Os que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible do imposto (concesión administrativa, dereito real de superficie, dereito real de usufruto, dereito de propiedade) das ditas construcións rústicas indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais que de acordo coa normativa do catastro inmobiliario, teñan atribuídas as seguintes codificacións de destino de locais:

BCR (CASETA DE REGO);

BCT (CASETA DE TRANSFORMACIÓN);

BIG (INSTALACIÓNS GANDEIRAS);

JGR (GRANXAS);

JIN (INVERNADOIROS);

ZBE (BALSAS-ESTANQUES);

ZDL (DEP.LIUID.TANQUES);

e ZSL (SILOS, DEP. SOLID).

Documentación requirida:

- 1º Documento que identifique catastralmente o inmovible para o que se solicita a bonificación (referencia catastral e codificación do destino).
- 2º Título de acredite a concesión administrativa, o dereito real de superficie, o dereito real de usufruto ou o dereito de propiedade do inmovible para o que se solicita a bonificación.
- 3º Acreditación da representación no caso de persoas xurídicas.
- 4º Certificado ou informe acreditando que as actividades que se pretenden bonificar constitúen a actividade principal do negocio.
- 5º Xustificante do recoñecemento de explotación de que se trate e licenza de actividade.
- 6º Xustificación da adscrición ao réxime especial da Seguridade Social que corresponda.
- 7º Certificado da Axencia Tributaria no que conste a situación en activo do titular da explotación.
- 8º Certificado de non existencia de débedas coa Seguridade Social e coa Facenda autonómica e estatal (Xunta e Estado).

Prazo de solicitude:

As solicitudes poden achegarse ao longo de todo o ano natural, pero para que teñan efectos no propio exercicio económico, teñen que presentarse ANTES do 31 de marzo de 2018, tal e como se indica no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 248 do 29 de decembro de 2017.

Toda solicitude achegada fora de dito momentos, non producirá efecto ata o exercicio seguinte.

Pasos a seguir:

Presentación da documentación requirida no Rexistro Xeral do Concello de Agolada ou polos medios que prevé a Lei

Tempo de resolución:

6 meses (artigo 104 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, tributaria).

Normativa legal:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmovibles.

Tipos de recurso posibles:

Recurso de reposición.

Silencio administrativo:

Desestimatorio.

Tipo silencio administrativo:

Negativo.

Agolada, 3 de maio de 2018. Don Ramiro Varela Peón, alcalde.